

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde do Concello de Vimianzo

pon en coñecemento para todas as veciñas e veciños:

Que o Comité de Empresa de Ferroatlántica está a desenvolver distintas concentracións para evitar que a empresa segregue as actividades industriais da produción de enerxía, tal e como pretende.

A segregación da actividade de produción de enerxía e a súa venda suporía, de facto, o peche das fábricas que a empresa ten nos concellos de Dumbría e Cee.

Estas fábricas crean 400 postos de traballo directos na comarca e o seu peche tería un custo social moi elevado a nivel comarcal.

Por estes motivos animo a toda a cidadanía do Concello de Vimianzo a apoiar ás traballadoras e traballadores nas súas demandas e a **asistir á concentración de apoio que terá lugar en Cee o día 12 de novembro ás 17:00 h.**

Vimianzo, 8 de novembro de 2016

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

